

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15 DE DECEMBRO DE 2009.

Asistentes:
Alcalde-Presidente:
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
Vocais:
D. José Manuel González Álvarez
D^a Ana María Abad López
D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro
Secretario:
D. Luís M^a Fernández del Olmo.
Interventora:
D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as trece horas e trinta minutos do día quince de decembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.
Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 16 de novembro de 2009.
Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE D^a. CLARA RUBAL LOPEZ RELATIVO A REPOSICION DE TELLADO DE NAVE DANADA POLO TEMPORAL KLAUS EN ANCIL – LAGO.

Vista solicitude formulada por D^a. Clara Rubal López con D.N.I nº: 76.563.166-F con domicilio en Praza de Lugo, 5 – 5ºE (27850 Viveiro), para realización de obras de reposición de tellado de nave danada polo temporal Klaus en Ancil (Lago). Expediente nº: 4144/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º) As obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita pola interesada, sitúase dentro do zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural. Artigo 103. -Capítulo III. -Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Ancil.-Lago (Xove).

Artigo 24 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

2º) Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que, que no avance do PXOM, aprobado inicialmente, as obras que se pretenden inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación na que se pretende arranxar a cuberta, a mesma, pasa a estar enclavada dentro da área delimitada como Solo Rústico de Protección de Augas, de acordo co previsto no Artigo 32.2D da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro.

3º) Tendo en conta o exposto nos apartados anteriores, poderíase outorgar licenza de obra para traballos de conservación e mantemento, previo informe favorable de Augas de Galicia, e asemade da Diputación Provincial por dar fronte a parcela a vía dependente da dita administración.

4º) Documentación e valoración a presentar polo solicitante, de acordo co Artigo 41.2.a:

- Anteproxecto redactado por técnico competente, co contido que se detalle regulamentariamente, e como mínimo a documentación gráfica, fotográfica e escrita que sexa suficiente para coñecer as características esenciais da localización e do seu contorno nun radio mínimo de 500 metros.

- Titularidade dos terreos e superficie destes, do uso solicitado e das obras necesarias para a súa execución, conservación e servizo, as súas repercusións territoriais e ambientais, e as que sexan necesarias para xustificar o cumprimento das condicións establecidas nesta Lei.

5º) O Concello, de acordo co previsto no artigo 41.b someterá o expediente a información pública por un prazo mínimo de vinte días, mediante anuncio que haberá de publicarse no taboleiro de anuncios do Concello e en un dos diarios de maior difusión no municipio.

O anuncio deberá indicar como mínimo a localización, o uso solicitado, a altura da edificación que se pretende e o lugar e horario da consulta da documentación completa.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Dar traslado á solicitante do informe anteriormente transcrito, ós efectos da presentación da documentación e autorizacións reflectidas no mesmo, co obxecto de poder inicia-la tramitación do correspondente procedemento administrativo.

B.2) SOLICITUDE DE D^a. MARIA JESUS LOPEZ VILELA RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DE ALPENDRE EN LAXIÑAS – ILLADE (XUANCES).

Vista solicitude formulada por D^a. María Jesús López Vilela con D.N.I nº: 33.843.590-X con domicilio en C/ Doctor Yañez Rebolo, 77 B (27001 Lugo), para realización de obras de construción de alpendre con unha superficie de 25m² en Laxiñas (Illade-Xuances). Polígono 16 Parcela 240. Referencia Catastral: 27025A016002400000JK. Expediente nº: 4193/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1º) As obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita pola interesada, sitúase dentro da zona delimitada como Solo Non Urbanizable Común. Artigo 104. Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Solo Rústico de Protección Ordinaria.

Artigo 32.1 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

2º) Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Artigo. 77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que, que no avance do PXOM, aprobado inicialmente, as obras que se pretenden inciden nos parámetros urbanísticos aplicables a parcela en que se ubica a edificación na que se pretende executar posto que a mesma, pasa a estar encravada dentro da área delimitada como Solo Rústico de Protección Forestal, de acordo co

previsto no Artigo 32.2.B da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro.

3º) Polo exposto nos apartados anteriores, enténdese que non procede a concesión de licenza que se solicita en tanto non se aprobo definitivamente o PXOM en tramitación, ou se levante a suspensión de licenzas, unha vez que se cumpran os dous anos da suspensión acordados, procedéndose de acordo co previsto na vixente LOUPMRG e co procedemento previsto no Artigo 41 polo que a competencia para o outorgamento da autorización autonómica prevista na presente Lei, correspondente ao Director Xeral competente en materia de urbanismo.

4º) Documentación e valoración a presentar polo solicitante, de acordo co Artigo 41.2.a:

- Anteproxecto redactado por técnico competente, co contido que se detalle regulamentariamente, e como mínimo a documentación gráfica, fotográfica e escrita que sexa suficiente para coñecer as características esenciais da localización e do seu contorno nun radio mínimo de 500 metros.
- Titularidade dos terreos e superficie destes, do uso solicitado e das obras necesarias para a súa execución, conservación e servizo, as súas repercusións territoriais e ambientais, e as que sexan necesarias para xustificar o cumprimento das condicións establecidas nesta Lei.

5º) O Concello, de acordo co previsto no artigo 41.b someterá o expediente a información pública por un prazo mínimo de vinte días, mediante anuncio que haberá de publicarse no taboleiro de anuncios do Concello e nun dos diarios de maior difusión no municipio.

O anuncio deberá indicar como mínimo a localización, o uso solicitado, a altura da edificación que se pretende e o lugar e horario da consulta da documentación completa.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Dar traslado á solicitante do informe anteriormente transcrito, ós efectos da presentación da documentación e autorizacións reflectidas no mesmo, co obxecto de poder iniciar a tramitación do correspondente procedemento administrativo.

B.3) SOLICITUDE DE D. JOSE ANTONIO COCIÑA QUELLE RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DUN MURO EN ACCESO APEADERO, 8 – XOVE.

Vista solicitude formulada por D. José Antonio Cociña Quelle con D.N.I nº: 33.846.805-C con domicilio en Acceso Apeadero, 8 (27870 Xove), para realización de obras de construción dun muro de cerre de parcela de 40 metros de longo en Acceso Apeadero, 8 – Xove. Expediente nº: 4387/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que de acordo coa documentación que se achega, asinada pola solicitante, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo Urbano, de acordo coa vixente Normativa Urbanística do Concello de Xove. Artigo 92.- Ordenación 2º.-Extensión de casco urbano.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño de 2.008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no Art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no Art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que non existe discrepancia entre a Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, toda vez que o

muro que se pretende, ubicase en ámbolos dous casos dentro de Solo de Núcleo rural, pódese outorgar a licenza que se solicita.

Condicións do muro de acordo con Artigo 42.1.C.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- O muro que se pretende non poderá superar os 1,50 metros.
- Construírse en cachotaría concertada, bloque de formigón branco revestido e pintado. En calquera dos casos deberá realizarse cos materiais tradicionais do medio no que se localiza.
- Este muro non deberá impactar negativamente no ámbito en que se sitúa.
- As obras que se solicitan, respectarán as aliñacións e sinalizacións correspondentes as cales deberán especificarse por parte dos servizos técnicos municipais.
- Previo ao inicio das obras, deberá requirirse a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de levantarse a correspondente ACTA DE REFORMULO, sen a cal non terá validez a licenza.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 300,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 6,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.4) SOLICITUDE DE D^a. JOSEFA MEITIN LOUZAO RELATIVO A CONSTRUCCIÓN DUN GALIÑEIRO EN A VARA – XUANCES.

Vista solicitude formulada por D^a. Josefa Meitin Louzao con D.N.I nº: 76.557.065-R con domicilio en A Vara, 10 (27877 Xuances), para realización de obras de construción dun galiñeiro de 4x2 con 2 metros de alto en Chousa A Vara – Xuances. Expediente nº: 3987/09.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que as obras que se pretenden realizar, de acordo coa documentación presentada, subscrita pola interesada, sitúase dentro do zona delimitada como Solo Non Urbanizable de Protección Agrícola.

Artigo 108. –Sección II. -Normas Subsidiarias do Concello de Xove. Chousa A Vara .- Xove. Solo Rústico de Protección Agropecuaria. Artigo 32.2.A da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.

Na sesión plenaria do día nove do mes de xuño do 2008, aprobouse inicialmente ó P.X.O.M, e acordouse a suspensión do outorgamento de licenzas, polo prazo de dous

anos, na totalidade do termino municipal nos termos e condicións sinaladas no art.77 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e no art.120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Planeamento.

Tendo en conta que as obras que se pretenden non inciden negativamente na Normativa Urbanística aplicable prevista, tanto en las NN.SS como en el P.X.O.M aprobado inicialmente, pódese outorgar a licenza que se solicita, ao amparo do disposto no Artigo 44.2 da LOUPMR de Galicia.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- A instalación edificación que se pretende cubrir, de acordo co solicitude que se achega, adáptase á tipoloxía do ámbito.
- Respetarase a tipoloxía do ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras ao previsto no Artigo 29 da Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de Protección do Medio Rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación.
- Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial.
- Previo ao inicio das obras solicitátese a presenza dos servizos técnicos municipais, ao obxecto de levantar a correspondente e obrigada Acta de Reformulo.
- De acordo co anterior, infórmase favorablemente a licenza que se solicita.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 200,00€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 4,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) AXUDAS DE CUSTO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE NOVEMBRO-DECEMBRO DE 2009.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das axudas de custo da Alcaldía, correspondentes ós meses de novembro-décembro de 2009 por importe de 338.86€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) ESCRITO DO CLUB NATACIÓN XOVE SOLICITANDO LIBRAMENTO DO PORCENTAXE PENDENTE DE SUBVENCIÓN, CONCEDIDO NA XGL 02/02/2009.

Vista solicitude de D. José M. Míguez Valella, en calidade de Presidente do Club Natación Xove, con domicilio a efectos de notificación en Centro Cívico, S/n (27870 Xove) os efectos de xustificación de gastos e solicitude de libramento do porcentaxe pendente de percibir da subvención concedida por importe de 35.000€ na Xunta de Goberno Local de 02 de febreiro de 2009.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º) Acepta-la xustificación de gastos presentada, según facturas adxuntas.
- 2º) O libramento do 30% pendente de percibir por importe de 10.500,00€ condicionado á presentación do balance de ingresos e gastos á data do 31/12/2009.

D.2) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE AXUDA PARA O PINTADO E REMATE DE FACHADAS 2009.

Por Secretaría dáse conta da solicitude con informe favorable por parte dos Servizos Técnicos Municipais, da solicitude seguinte:

<i>Nome</i>	<i>DNI</i>	<i>Domicilio</i>	<i>Importe concedido:</i>
Manuel Meitin Canoura	33.705.922-C	Carballas, 1 Xove	300€

Enterada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes á sesión acorda o abono da subvención de referencia.

D.3) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE MONTE DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Pérez Pedre con D.N.I. nº 33.857.175-W, con domicilio en Penasagudas, 1 (27879 Monte) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (dende o 23/4/2009 o 22/10/2009), iniciada a partir del 21/10/2002, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 28 de decembro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.005,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

- 1º) A aprobación do libramento do importe de 1.502,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.
- 2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.4)ACORDO RELATIVO Á CONCESION BECAS E AXUDAS O ESTUDIO, CORRESPONDENTES O CURSO 2009-2010.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno Local do acordo adoptado pola Comisión Informativa Especial, en sesión de data 15 de decembro de 2009, e do informe emitido pola Traballadora Social.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

1º) A aprobación das concesións e denegacións de axudas que se reseñan de seguido.

BECAS PARA ESTUDOS UNIVERSITARIOS

DORINDA FERNÁNDEZ PERNAS	1.068.-€
ALEJANDRO DAYAN FERNÁNDEZ	1.200.-€
JORGE SOTO BAÑO	1.200.-€
Mª JOSEFA BERMUDEZ GONZÁLEZ	1.200.-€
JOSÉ EUGENIO LAGE FERNÁNDEZ	1.200.-€
SARA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	1.200.-€
Mª JESÚS CAMPO GONZÁLEZ	1.200.-€
ANA BELEN POLO CASARIEGO	1.200.-€
AURELIO RIVEIRO COCIÑA	1.200.-€
MAURICIO BLANCO CASABELLA	1.200.-€
SOFÍA MIRANDA PERNAS	Supera ingresos. NON PROCEDE
GEMA SUAREZ GARCIA	Supera ingresos. NON PROCEDE
	TOTAL 11.868.-€

BECAS PARA CICLOS FORMATIVOS DE ESPECIALIDADES QUE NON EXISTEN NA COMARCA

VANESSA POLO CASARIEGO	600.-€
Mª ANTONIA GARCÍA GARCÍA	459,98.-€
ARANTXA RODRÍGUEZ VARELA	111,49.-€
	TOTAL 1.171,47.-€

BECAS PARA MINUSVÁLIDOS

SEVERINO BASANTA BEN	2.250.-€
ZOE VALE LÓPEZ	750.-€
ELISEO EIJO BARRO	750.-€
EMILIO ROMERO PAREJO	750.-€
	TOTAL 4.500.-€

BECAS PARA COMPRA DE MATERIAL ESCOLAR

SARA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	60.-€
SUSANA MARIÑO PARAPAR	60.-€
MARIA IGLESIAS FERNÁNDEZ	60.-€
Mª CARMEN FERNÁNDEZ MARIÑO	60.-€
BEGOÑA FRAILE MATEO	60.-€
YOLANDA PIÑEIROA REGO	125.-€
Mª EUGENIA RODRIGUEZ ROUCO	185.-€

M ^a JESUS CAMPO GONZÁLEZ	60.-€
M ^a ROSALBA FORMOSO ESCUDERO	120.-€
M ^a NURIA FERNÁNDEZ PÉREZ	125.-€
ANA M ^a ARES RAMOS	60.-€
VANESA Balsa ARIAS	60.-€
ARACELI GUTIERREZ RODRÍGUEZ	185.-€
MONICA LÓPEZ SANJURJO	125.-€
M ^a DOLORES PÉREZ CASARIEGO	125.-€
CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ VEREZ	120.-€
YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ	185.-€
MANUELA VERDE OTERO	120.-€
MARCOS CASTILLO	125.-€
CELIA CORA PARDIÑO	185.-€
M ^a JOSÉ COCIÑA LAGE	125.-€
M ^a TERESA VALLE QUELLE	185.-€
M ^a OLGA BAÑO CASARIEGO	125.-€
VERÓNICA ESTHER ARAYA	240.-€
MARTA LÓPEZ LÓPEZ	Supera ingresos. NON PROCEDE
INÉS DÍAZ CAMPO	Supera ingresos. NON PROCEDE
ANA BELEN PENA PALEO	PENDIENTE DE VALORACIÓN
ROCIO TALADRID QUELLE *	
	TOTAL 2.880.-€

* SUXEITA A PAGO DE DÉBEDAS (IBI DE 2007 E 2008 E IMPUESTO DE CIRCULACIÓN DE 2005)

PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE FIN DE ESTUDOS

ALBERTO RAPA MARTÍNEZ	3.000.-€
LAURA RODRÍGUEZ CALDERÓN	3.000.-€
JUAN ANTONIO FERNÁNDEZ VÁZQUEZ	3.000.-€
REBECA LÓPEZ OCAÑA	1.500.-€
VANESSA TRASTOY BELLO	1.500.-€
MARTA ÁLVAREZ FERNÁNDEZ	1.200.-€
MAURICIO BLANCO CASABELLA	600.-€
EDUARDO ABELAIRAS GÓMEZ	600.-€
ALEJANDRA FERNÁNDEZ ALONSO	600.-€
BEATRIZ REY PITA	Non alcanza notable. NON PROCEDE
ZAIDA ÁLVAREZ OTERO	Non alcanza notable. NON PROCEDE
LAURA PEREZ MOSQUERA	Non reside. NON PROCEDE
	TOTAL 15.000.-€

D.5) CAMBIOS DE TITULARIDADE NO SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE.

Por Secretaría dáse conta das solicitudes de cambio de titularidade no subministro de auga que se relacionan de seguido:

<i>Nº referencia</i>	<i>Titular Actual</i>	<i>Novo Titular</i>
38400	Mª Pilar Boix Ochando	José Carlos Sánchez Martínez
91500	Ramón Javier Oural Montes	María Aurelia Dopico Paleo
98250	Nilo Abad Martínez	Beatriz García Vérez

Visto o informe favorable do Servizo de Augas do Concello, pola Xunta de Goberno Local por unanimidade en votación ordinaria, acorda autorizar os cambios de titularidade solicitados.

D.6) ACORDO DE APROBACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.

Vistas as solicitudes formuladas polos propietarios das vivendas, e visto o informe favorable do Servizo de Augas no que sinala que a alta no Padrón de aboados será a partires do bimestre Xaneiro/ Febreiro 2010; por unanimidade en votación ordinaria, acordase:

1º) A aprobación da concesión da subministración de auga para uso doméstico para os beneficiarios e para os inmobles para o que se solicita o servizo que se sinalan de seguido, condicionándose á instalación de contador individual por parte dos solicitantes:

Nome/Apelidos	Situación Contador
Laureano Villarquide Fanego	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 1ºB (Xove)
Laura Vale Rodríguez	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 2ºF (Xove)
Gema Pérez Míguez	C/ Tomas Mariño Pardo, 1 – 1ºk (Xove)
Raquel Casas Rego	Avda. Diputación, 13 – 1ºA (Xove)

D.7) ESCRITO DE Dª. CELIA GOMEZ MIGUEZ, SOLICITANDO A BAIXA NO SERVIZO DE AUGAS E RECOLLIDA DE LIXO.

Por Secretaría dáse conta do escrito de Dª. Celia Gomez Míguez con domicilio en Camiño Real, 101 (27880 Burela) no que solicita a baixa no servizo de augas e recollida de lixo do Concello, con nº de recibo : 48900.

Visto o informe do Fontaneiro Municipal, no que sinala que procede a devandita baixa e xurdirá efectos a partires do bimestre xaneiro/febreiro 2010.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Autoriza-la baixa solicitada.

2º) A notificación ó interesado así como ó Servizo de Augas do Concello, os efectos de baixa do devandito recibo.

D.8) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D^a. HELENA WITZACK.

Vista solicitude formulada por D^a. Helena Witzack, con D.N.I. nº: X1397932S, con domicilio en Avda. Diputación, 30 – 3ºD (27870 Xove), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 10 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. Helena Witzack como beneficiaria do mesmo, durante 10 horas semanais; debendo aboar o importe de 4,76€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: durante o tempo de recuperación.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

D.9) SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR FORMULADA POR D. JUSTO PENA ALVAREZ.

Vista solicitude formulada por D. Justo Pena Álvarez, con D.N.I. nº: 33.706.182-G, con domicilio en Fontaiña, 7 (27878 Sumoas), na que pide a súa inclusión no Servizo de Axuda no Fogar, constando no expediente segundo o informe social a situación de enfermidade e a súa repercusión, e descríbese a situación familiar, informándose favorablemente a concesión do servizo durante 4 horas semanais; trala deliberación, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) Autorizar a inclusión no Servizo de Axuda no Fogar de D. Justo Pena Álvarez como beneficiaria do mesmo, durante 4 horas semanais; debendo aboar o importe de 1,42€/hora, según o baremo existente. Duración do servizo: 6 meses.

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes, sinalando que no caso de que exista algunha modificación na prestación deste servizo, se comunique por adelantado e por escrito ó Departamento Municipal de Servizos Sociais.

D.10) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a. MARIA MASEDA SANCHEZ.

Vista solicitude formulada por D^a. María Maseda Sánchez, con domicilio en C/ Generosa Villalba, 17 (27870 Xove) na que solicita a ampliación de 2 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 10 horas/semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 10 horas semanais.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.11) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a. PERPETUA LÓPEZ PEDRE.

Vista solicitude formulada por D^a. Perpetua López Pedre, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) na que solicita a ampliación de 6 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 10horas/semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 10 horas semanais durante 3 meses.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

D.12) SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE XORNADA DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR DE D^a. EULALIA PASTOR DEAN.

Vista solicitude formulada por D^a. Eulalia Pastor Dean, con domicilio en San Vicente, 1 (27879 Rigueira) na que solicita a ampliación de 4 horas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar que pasará a ser de 10horas/ semanais.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) Aumentar o número de horas da solicitante para que pasen a ser 10 horas semanais durante 3 meses.

2º) A notificación á interesada, os efectos oportunos

3º) A dación de conta á adxudicataria do servizo D^a Iliá Lage Canoura con domicilio en Veiga, 6 Rigueira (Xove), aos efectos procedentes.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.